

Os socialistas esixen á Xunta medidas compensatorias que palíen os graves prexuízos que provoca aos gandeiros a campaña de saneamento animal

Santín, Rouco e Pablo García comprometéronse cos afectados da Ulloa a levar este asunto ao Parlamento, pois o elevado número de positivos nas probas reaccionantes, está obrigando a inmovilizar explotacións durante períodos excesivamente longos, así como a sacrificar reses que, posteriormente, son falsos positivos

Esta ineficacia na xestión está levando ás explotacións “ao borde da ruína”, xa que o momento actual fai inviable que os gandeiros asuman este proceso por si mesmos co custo tan elevado que teñen as vacas de produción no mercado nacional e europeo, e sen axudas que cubran os custos de reposición

Anuncian que, logo de que a Consellería non contestase ás preguntas formuladas polos socialistas, a través das que demandaban información sobre o proceso, solicitarán que se estuden outras formas de diagnose máis fiables para detectar con maior exactitude os casos de tuberculose bovina, de tal xeito que a inmovilización das explotacións sexa o menor posible

PALAS DE REI, 9 DE MAIO DE 2014.- Os secretarios provincial e de Medio Rural dos socialistas de Lugo, Juan Carlos González Santín e Horacio Rouco, xunto co deputado autonómico, Pablo García, mantiveron unha xuntanza en Palas de Rei cos gandeiros afectados pola campaña de saneamento que a Xunta de Galicia está a levar a cabo na comarca da Ulloa, así como no resto da provincia.

O elevado número de positivos nas probas reaccionantes, está obrigando a inmovilizar explotacións durante períodos excesivamente longos, así como a sacrificar a un gran número de reses que posteriormente son falsos positivos (comprobados nas probas “post mortem”). Isto está levando a que moitas explotacións se atopen “ao borde da ruína” e, en moitos casos, ao peche definitivo. Neste senso, Santín expresou a preocupación dos socialistas da provincia polos prexuízos que están a sufrir o sector e a indefensión ante a falta de respostas eficaces por parte da Consellería, pois, tal e como indicou Pablo García, “xa foron varias as iniciativas que presentamos para que se nos facilitase información do proceso, pero dende o departamento da Sra. Quintana, aínda non se nos contestou nada. Agora dínnos que a vindeira semana comparecerá a Directora Xeral. Agardamos que así sexa porque o que están demostrando é que deste tema non lles interesa falar”.

Pola súa banda, o secretario de Medio Rural destacou que “dende que fomos sabedores da situación, organizamos este encontro porque a Ulloa, e a provincia de Lugo, subsisten do campo. A alternativa non pode ser seguir matando vacas. Por iso, estamos aquí para darvos unha solución, para recoller as vosas impresións e para presionar onde faga falla”.

Reacción do socialistas

Ante esta crítica situación e a necesidade de tomar medidas, os socialistas anunciaron que presentarán no Parlamento galego una Proposición Non de Lei para que se estuden outras formas de diagnose máis fiables para detectar con maior exactitude os positivos por tuberculose bovina neste tipo de campañas e pedirán estruturala de tal xeito que a inmovilización das

NOTA DE PRENSA

explotacións sexa o menor número de días posible. Ademais o PSOE pedirá establecer unas axudas axeitadas para as reses que haxa que sacrificar e que supoña una perda inasumible para o gandeiro, así como axudas para os períodos nos que paraliza a produción como consecuencia da enfermidade.

O obxectivo dos socialistas, segundo explicou Santín, é establecer as medidas necesarias para que as explotacións non se vexan abocadas ao peche “por mor dun sistema inxusto” e sen recibir por parte do Goberno da Xunta as axudas axeitadas de indemnización.

O momento actual fai inviable que os gandeiros asuman este proceso por si mesmos co custo tan elevado que teñen as vacas de produción no mercado nacional e europeo, e sen axudas que cubran os custos de reposición.

Por outra banda, indicaron que o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia reiterará á Xunta de Galicia información sobre as medidas que están a tomar ante esta situación e se van a establecer outro modelo de diagnose que sexa máis veraz antes de optar polo sacrificio dos animais. Os deputados socialistas preguntarán ao Goberno de Feijoo se están a estudar axudas adicionais para as explotacións afectadas.